



Renovación parcial bienal do Consello Escolar 2018 □ Alumnado

	É o máximo órgano de representación do centro	
Que é o Consello Escolar?	<u>Está constituído por 21 membros:</u>	
	Equipo directivo 4	Representantes das nais e pais de alumando 2
	Representantes do profesorado 7	Representantes do alumnado 4
	Representante do persoal non docente 1	Representante do concello 1
	Representante da Asociación de Nais e Pais 1	Representante do empresarios 1
<i>Cando se renova o Consello Escolar?</i>	Cada dous anos. En cada renovación renóvase a metade dos membros e, se é o caso, elíxense máis persoas para cubrir as vacantes que xurdan nos dous anos.	
<i>Quen organiza todo o proceso?</i>	Unha Xunta Electoral formada polo director e 4 persoas designadas por sorteo, representando todos os sectores da comunidade escolar.	
<i>Postos de representantes do alumando</i>	<p>Na elección de 2018 renóvanse:</p> <p>3 postos de representantes do alumnado</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os/as dous/dúas candidatos/as desempeñarán o cargo durante os próximos catro anos (2018-2022). - O/a terceiro/a candidato/a en número de votos desempeñará o cargo durante o próximos 2 anos (2018-2020). 	
<i>Pode ser candidato</i>	Todo o alumando do centro, sen excepción.	
<i>Prazo para presentar candidaturas</i>	Desde o martes 6 ata o martes 13 de novembro de 2018 ás 14:00 horas.	
<i>Lugar de presentación de candidaturas</i>	Secretaría (solicitar impreso e entregalo debidamente cumprimentado).	
<i>Exposición dos censos electorais</i>	Desde martes 6 ao martes 13 de novembro. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 13 de novembro .	
<i>Campaña electoral</i>	Do luns 19 ao venres 23 de novembro.	
<i>Votación alumnado</i>	Venres 30 de novembro de 2018 (de 11:20 a 13:20 horas). Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de 2 nomes dos/as candidatos/as presentados/as.	
<i>Mesa electoral</i>	Director (presidente) e 2 alumnas/os designadas/os por sorteo. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre o alumnado que non se presente como candidato, o venres 16 de novembro, ás 12:10 horas .	
<i>Constitución do Consello Escolar renovado</i>	Mércores 12 de decembro de 2018.	



Funcións do Consello Escolar

Extraído do Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria (Decreto 324/1996)

- a) Establecer as directrices e elaborar propostas para a elaboración do proxecto educativo do instituto, aprobalo, avalialo e, se é o caso, introducir modificacións, sen prexuízo das competencias que o claustro de profesores ten atribuídas en relación coa planificación e organización docente.
- ~~b) Elixir o director ou directora do centro.~~
- c) Propoñer a revogación do nomeamento do director ou directora, logo do acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dous tercios.
- d) Decidir sobre a admisión de alumnado, con suxeición ó establecido na lexislación vixente.
- e) Aprobar e modifica-lo regulamento de réxime interior do instituto.
- ~~f) Resolver os conflitos e impoñer as correccións con finalidade pedagóxica que correspondan a aquelas condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia no centro, de acordo coas normas que establece a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.~~
- g) Aprobar o proxecto de orzamento do instituto e a execución do mesmo.
- h) Aprobar e avaliar a programación xeral anual do instituto, respectando, en todo caso, os aspectos docentes que lle competen ó claustro.
- i) Aprobar a programación das actividades escolares complementarias e avaliar o seu desenvolvemento.
- j) Establecer as directrices para a participación do instituto en actividades culturais, deportivas e recreativas naquelas accións asistenciais nas que o instituto puidese aportar a súa axuda.
- k) Establecer os criterios de colaboración con outros centros, entidades ou organismos.
- l) Promover a renovación das instalacións e equipamento do instituto, e vixiar a súa conservación.
- m) Analizar e valorar o funcionamento xeral do instituto, a evolución do rendemento escolar e os resultados da avaliación que do centro realice a Administración educativa.
- n) Colaborar coa inspección educativa nos planos de avaliación de centro, nos termos que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza.
- o) Regular o procedemento de autorización das saídas voluntarias entre clases ou en período de lecer do alumnado do centro.

Os apartados b e f están modificados por normas posteriores.